



CIRCULAR INFORMATIVA
ELECCIÓN AO CONSELLO ESCOLAR DOS REPRESENTANTES DE NAIS, PAIS OU
TITORES LEGAIS DO ALUMNADO

De acordo coa convocatoria pasada, o próximo **día 18 de novembro, luns**, celébrase neste centro a votación para a elección de representantes dos pais, nais ou titores legais do alumnado no Consello Escolar do colexio. Para participar na referida votación, tal como se sinala na citada Convocatoria, procederáse do seguinte xeito:

1º.- Quen pode votar.

Teñen dereito a votar **todos os pais, nais ou titores legais** do alumnado matriculado no centro que figure no censo que ao efecto aprobou a Xunta Electoral e tras a súa exposición pública regulamentaria. Tal dereito corresponde indistintamente ao pai e á nai, podendo votar ambos os dous.

2º.- Modo de emitir o voto.

a) O voto será **directo, secreto e non delegable**.

b) Os modelos de **papeletas** da votación serán, obrigatoriamente, os previamente **fixados pola Xunta Electoral** do Centro, dos que haberá cantidade suficiente.

c) Nas referidas papeletas figurarán por orde alfabética os apelidos e os nomes dos candidatos -que se presentaron antes das 14.00 horas do día 8 de novembro e que foron proclamados con posterioridade pola Xunta Electoral en reunión do día 11 de novembro-, e cada elector deberá marcar cunha cruz **un (1) nome** das candidatas relacionadas, debendo acreditar a súa identidade, no momento de votar, mediante a **exhibición do D.N.I. ou documento similar**. Lembramos que as candidaturas presentadas, relacionadas por orde alfabética, son as seguintes:

- 1.- Álvarez Lorenzo, Catuxa.
- 2.- Antelo Varela, Vanessa.
- 3.- Martínez Fernández, Patricia.
- 4.- Suárez Trigo, Sandra.

d) Finalizada a votación procederáse ao acto do **escrutinio dos votos**, que será **público** e, unha vez realizado, levantarase a correspondente acta.

3º.- Horario da votación; co fin de favorecer a participación haberá diversos intre de apertura da mesa:

- a) De 9:40h a 11:30h.
- b) De 13:00h a 14:30h.

A dirección deste colexio anima a todos os pais, nais e titores legais do alumnado a que participen na **votación** do próximo **día 18**, como unha forma máis de colaboración na organización do centro, a fin de conseguir a máxima representatividade posible de pais e nais no Consello Escolar.



Carballo, 15 de novembro de 2024

A DIRECTORA DO CENTRO

Asdo.: Silvia Seoane Pazos